


identitas

A **identidade remite a unha dualidade de trazos, por unha parte están aquelas** características que fan a un individuo único, distinto dos demais, e por outra os rasgos definitorios que se comparten cun colectivo no que se integra. Tal como dicía Wittgenstein "*A implica Non-A*"; o mesmo que reside baixo a moi citada "*Rose is a rose is a rose*" escrita pola man de Gertrude Stein no seu poema *Sacred Emily*, que non facía outra cousa que falar do concepto da identidade, "*as cousas son o que son*".

20º65 (20º C / 65% de humidade, condicións óptimas para a conservación dunha obra de arte) preséntase públicamente como colectivo, e amósase sinxelamente como o que é: somos un grupo de identidades totalmente distintas baixo intereses comúns; constituímonos coma una suma de individualidades que mediante a intensa colaboración entre as mesmas, argallan un substrato artístico no que comezar a sementar novos proxectos.

Esta primeira exposición do colectivo, **IDENTITAS**, toma a identidade como liña temática, unha identidade que é dialóxica, un constante construírse no tempo e en diálogo cos outros, coas circunstancias externas e co propio interior. Identidade como recordo, como experiencia, como fisura, como destrución e reiterada reconstrución. Identidade como afinamento xeográfico, como procedencia, como orixe. Identidade como dualidade, como desdoblamento, como un camiño aberto en múltiples direccións, como imaxe no espello, un símbolo da conciencia, un eco da realidade.

CARMEN CABANEIRO
BEATRIZ SUÁREZ SAA
PAZ VICENTE
CAROLINA CALUORI
PAULA CABALEIRO
LIDIA COSTA FERNADEZ
CAROLINA MIRANDA ARAUJO
SILVIA CAPELO
BASILISA FIESTRAS



colectivo